



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

NÚM. EXP. PCO.001.2020.00271

RESOLUCIÓN POLA QUE SE ADXUDICA O ACORDO MARCO PARA A SUBMINISTRACIÓN SUCESIVA E POR PREZO UNITARIO DE VEHÍCULOS CON DESTINO Á DEPUTACIÓN DA CORUÑA, PARA A SÚA CESIÓN A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO DA PROVINCIA DA CORUÑA, PARA A MELLORA DOS SERVIZOS E/OU PRESTACIÓNS EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS E/OU SOCIOSANITARIOS, CÓDIGO EXPEDIENTE PCO.001.2020.00271, LOTE 4

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña:

ANTECEDENTES

1º.- A Mesa de Contratación na súa sesión de data 11/03/2021 en relación co expediente PCO.001.2020.00271, LOTE 4, acordou:

1.1.- Admitir na licitación a oferta presentada por GONZACAR, S.L.

1.2.- Excluír da licitación á empresa Talleres Aguinaga,SL, tras o trámite de audiencia outorgado, porque declara que non pode facturar o que implica incapacidade de obrar.

2º.- A Mesa de Contratación na súa sesión de data 25/03/2021 en relación co expediente PCO.001.2020.00271, LOTE 4, propuxo a adxudicación a GONZACAR, S.L. que presentou a oferta máis vantaxosa.

3º.- Mediante Resolución da Presidencia nº 11639 de data 25/03/2021 requiriuse a GONZACAR, S.L. para que presentase a documentación esixida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP). A citada entidade presentou a documentación requirida e depositou a garantía por importe de 8.875,00 €.

RESOLVO:

1º) Ratificar a exclusión de Talleres Aguinaga, S.L. nos lotes 2, 3, 4 e 5, tras o trámite de audiencia outorgado, porque declara que non pode facturar o que implica incapacidade de obrar.

2º) Adxudicar mediante procedemento aberto con pluralidade de criterios (todos eles de avaliación automática) o ACORDO MARCO PARA A SUBMINISTRACIÓN SUCESIVA E POR PREZO UNITARIO DE VEHÍCULOS CON DESTINO Á DEPUTACIÓN DA CORUÑA, PARA A SÚA CESIÓN A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO DA PROVINCIA DA CORUÑA, PARA A MELLORA DOS SERVIZOS E/OU PRESTACIÓNS EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS E/OU SOCIOSANITARIOS, CÓDIGO EXPEDIENTE PCO.001.2020.00271, **LOTE 4: Vehículo tipo furgoneta de 9 prazas con adaptación para cadeira de rodas e banzo eléctrico escamoteable na porta lateral dereita**, á empresa **GONZACAR, S.L.**, con domicilio na rúa Simón Bolívar nº 3, baixo, 15011 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA), e NIF B15380322, nas seguintes condicións:

2.1. Información do contrato:

Tipo de contrato: subministración

Procedemento: aberto con pluralidade de criterios

2.2. Duración e prazo de execución:

A vixencia do acordo marco será de dous anos, contados a partir do día seguinte á data da súa formalización en documento administrativo e poderá prorrogarse por un ano máis. No entanto, no caso de que o importe das subministracións adxudicadas alcance a contía de 1.000.000,00 €, excluído o IVE, entenderase extinguido o acordo marco, aínda cando non finalizase o período de vixencia.

O prazo de entrega dos bens é de cinco meses e computarase desde o día seguinte á notificación da adxudicación do contrato baseado no acordo marco.

2.3. Vehículo ofertado: **TRANSIT KOMBI L3 130 CV**

2.4. Prezo unitario:

Prezo unitario (base imponible)	28.590,00
IVE	6.004,00
Outros impostos	4.217,02
Prezo por vehículo IMPOSTOS INCLUÍDOS	38.811,02

2.5. Financiamento: O financiamento dos contratos baseados no acordo marco efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria que se indique no acordo de adxudicación do contrato baseado.

2.6. De conformidade co disposto no artigo 151 LCSP, indícase que:

Resultou admitida para participar na licitación a oferta de GONZACAR, S.L. que cumpre os pregos e, en virtude desta resolución, resulta adxudicataria do contrato. As características e vantaxes da súa proposición e que determinaron que fora seleccionada a súa oferta son as seguintes:

Lote 4: Vehículo tipo furgoneta de 9 prazas con adaptación para cadeira de rodas e banzo eléctrico escamoteable na porta lateral dereita	TRANSIT KOMBI L3 130 CV		
Marca e modelo ofertado			
I. Características mínimas do vehículo de conformidade co esixido no prego de prescricións técnicas			
Características	Valores segundo prego	Oferta	verificación de cumprimento
Potencia	Maior ou igual a 100 CV	130	cumpre
Caixa de cambios	Manual	SI	cumpre
Número de velocidades	5 ou máis cara a adiante e 1 cara atrás	6	cumpre
Emisións	segundo normativa europea en vigor	SI	cumpre
Número de prazas	9	9	cumpre
Adaptación para cadeira de rodas (apartado 3.2 do prego de prescricións técnicas)	esixido	SI	cumpre
Chanzo eléctrico escamoteable (apartado 3.3 do prego de prescricións técnicas)	esixido	SI	cumpre
cor	branco obrigatorio	SI	cumpre
porta lateral	porta lateral dereita corredera	SI	cumpre
porta traseira	dobre porta traseira	SI	cumpre
Lonxitude	5900 mm. aprox. (± 25%)	5981 mm	cumpre
Anchura	1900 mm. aprox. (± 25%)	2059 mm	cumpre
Altura	2300 mm. aprox. (± 25%)	2481 mm	cumpre
Sistemas electrónicos de asistencia en freada	esixidos	SI	cumpre
Sistemas electrónicos de control de estabilidade	esixidos	SI	cumpre
radio con sistema Bluetooth incorporado	esixido	SI	cumpre
Aire acondicionado	esixido	SI	cumpre

II. Outras características valorables		
Equipamento e prestacións	oferta	puntuación
Cambio automático	NON	0
Faros antinéboa dianteiros	SI	2
Sistema Stop Start	SI	2
Control de estabilidade	SI	3
Consumo combinado inferior a 8,5 l./100km.	6,6	2
Emisións de CO ₂ inferiores a 110g/km	215	0
Potencia de motor superior a 100 c.v.	130	2
Freado de emerxencia anticollisiones	NON	0
Detector de fatiga	NON	0
Sistema de navegación GPS	NON	0
Sensores de aparcamento:	SI	2
Cámara de visión traseira	NON	0
Garantía de carrocería e mecánica superior a dous anos	NON	0
Mantemento incluído cada 20.000km (ou máis frecuencia)	NON	0
III. Prezo (oferta económica)		
Lote 4: Vehículo tipo furgoneta de 9 prazas con adaptación para cadeira de rodas e banzo eléctrico escamoteable na porta lateral dereita		
Prezo unitario (base imponible)	28.590,00	26,37
IVE	6.004,00	
Outros impostos	4.217,02	
Prezo por vehículo IMPOSTOS INCLUÍDOS	38.811,02	
Puntuación total		39,37

2º) Requirir ao adxudicatario para que concorra a formalizar o acordo marco o día que ao efecto se lle sinale, previo depósito na Caixa da Corporación das taxas por formalización de contratos administrativos por importe de 91,05 €.

Ao tratarse dun contrato suxeito a regulación harmonizada, a formalización do contrato non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles dende que se remita a notificación de adxudicación aos licitadores.

Unha vez transcorrido este prazo sen que se interpoña recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato, o órgano de contratación requirirá ao adxudicatario para que formalice o contrato no prazo non superior a cinco días a contar desde o seguinte a aquel en que recibise a notificación para a formalización.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizase o contrato dentro do prazo indicado esixíraselle o importe do 3 por cento da presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía definitiva, sen prexuízo do establecido na letra b) do apartado 2 do artigo 71 LCSP respecto da súa declaración de prohibición de contratar.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá optar por interpoñer, con carácter potestativo, o recurso especial en materia de contratación a que se refire o artigo 44 da LCSP, ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que se remita a notificación do acto impugnado, de conformidade co previsto no artigo 50 do citado texto legal. No seu caso, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, dentro do prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución. No entanto, se o considera conveniente, pode exercer calquera outro recurso que estime pertinente.